

I Carreira-andaina dos Inocentes Concello de Ames

A **I Carreira-andaina dos Inocentes 2019** é un actividade organizada polo Concello de Ames a través da súa Concellería de Deportes. Consistirá nunha carreira e andaina a pé de 3 km aprox. e a participación poderá ser individual ou en grupos de mínimo 3 integrantes.

Toda a recadación do día irá destinada a **SOGAPS**, (SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI), unha organización **NON** gubernamental formada por persoas voluntarias que adican parte do seu tempo en colaborar na axuda ao pobo saharai, pretendendo mellorar as súas condicións de vida, tanto dos refuxiados saharais, como da poboación residente no Sahara Occidental ocupada por Marrocos.

Poden consultar máis información no ligazón: <https://sogaps.org/> .

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

HORA	ACTIVIDADE
17:30 h	Entrega de dorsais e agasallo na carpa organización
18:30 h	Sesión de quecemento grupal
18:40 h	I Carreira e andaina do Inocente Concello de Ames
19:30 h	SORTEO DE AGASALLOS E ENTREGA DE PREMIOS – FIN DE FESTA

REGULAMENTO

- PARTICIPACIÓN:** poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O control técnico das carreiras estará a cargo do Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo. Poderase participar de maneira individual ou en grupos de mínimo 3 integrantes (disfraces grupais).
- LUGAR:** a **SAÍDA** e a **META** da proba realizarase na **Praza de Chavián (Bertamiráns)** e a saída será en torno ás **18:40 horas**.
- IDADE MÍNIMA:** non se establecerá idade mínima de participación, pero todos os menores de 10 anos deberán ir obrigatoriamente acompañados dun adulto durante a andaina ou a carreira.
- INSCRICIONS:** poderán realizarse na web www.carreirasgalegas.com, con data límite o xoves 26 de decembro ás 23:59 horas. Debera encherse o formulario cos datos requiridos.
- PREZOS DA INSCRICION:**
 - Categoría escolares (nados/as no 2004 e posteriores): **GRATUÍTA**
 - Categoría adultos (nados/as no 2003 e anteriores): **6 €**

* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina web www.carreirasgalegas.com .

** Os escolares menores de 16 anos inscribíranse gratuitamente na plataforma, pero poderán realizar o donativo solidario no momento da recollida do dorsal.

A RECADACIÓN IRÁ DESTINADA INTEGRAMENTE A SOGAP: máis información no ligazón: <https://sogaps.org/>.

Establecerase no formulario de inscrición a opción “DORSAL 0” no caso de que se desexe realizar un donativo a Asociación. Tamén o día propio do evento habilitarase unha carpa da Organización para poder colaborar e donar o que cada persoa ou familia desexe.

6. PREMIOS E AGASALLOS:

- Premio as/aos 3 primeiras/os chegadas/os a META
- Premio aos **3 mellores disfraces de grupo (mínimo 3 integrantes)**
- Premio aos **3 mellores disfraces individuais.**

7. RECOLLIDA DE DORSAIS: realizarase na secretaría de competición situada na carpa da organización (Praza de Chavián - Bertamiráns) o mesmo día da carreira ata media hora antes da proba.

Permitirase correr disfrazado, pero o dorsal deberá levarse de xeito visible na zona anterior do corpo.

8. CIRCUÍTO: a saída e meta será desde a Praza de Chavián e o percorrido terá un lonxitude aproximada duns 3 Km.

9. Todo o non recollido no presente regulamento rexirase pola normativa de probas en ruta da **FGA** e da **RFEA** en vigor.

A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento.

Queda totalmente prohibido correr na proba sen estar previamente inscrito.

RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

LOPD

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.